Universidade Vigo
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
Casa das Campás
Rúa Don Filiberto, 9-11
36002 Pontevedra
España
Tel. 986 802 080
vic.pon@.uvigo.es
uvigo.gal

O titular da presente promoción é a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo coa finalidade de realizar un concurso fotográfico en liña a través da rede social móbil Instagram na que poderán participar todas as persoas físicas que cumpran as condicións establecidas nestas bases:

Lexitimación de participación

Poderá participar no presente concurso calquera persoa física, maior de 13 anos, residente en España, que posúa unha conta en Instagram e que durante o período de validez da presente campaña participe na acción segundo se propón nos termos descritos nestas bases.

Período de vixencia do concurso

O concurso comeza o día 31/03/2022 e finalizará o 22/04/2022 ás 23.59 horas.

Participación e mecánica

A inscrición no concurso implica que o/a participante teña unha conta en Instagram e que respecte as condicións desta rede (http://instagram.com/legal/terms/). Ademais, para que a participación poida ser validada, este perfil ten que ser público.

1. Os/as participantes deben rexistrarse na web http://campuspontevedra.uvigo.es/ nun formulario no que indicarán nome e apelidos, nome de usuario/a en Instagram e dirección de correo electrónico de contacto. Os datos non se empregarán para ningún outro fin que o contacto cos/as finalistas e gañadores/as do concurso.

2. A temática do concurso é ***"A Creatividade"***. As persoas participantes deberán compartir en Instagram fotografías de todo aquilo que relacionen coa Creatividade, en especial cos seus valores de innovación.

3. Para identificar a participación no concurso os/as usuarios/as deberán incluír na descrición da súa fotografía o cancelo ***#creaS2i2022*** no momento de publicala en Instagram.

4. Só as fotografías de usuarios/as rexistrados no formulario dispoñible en http://campuspontevedra.uvigo.es/ que cumpran coa temática do concurso e inclúan o cancelo na descrición entrarán no concurso.

5. O concurso é válido para todas as fotografías subidas a Instagram entre o 31/03/2022 e o 22/04/2022 ata as 23:59 horas co cancelo **#creaS2i2022** por usuarios/as rexistrados/as na web indicada e cumprindo a temática establecida. Non se aceptarán fotografías subidas fóra destas datas.

6. Cada participante pode subir tantas fotos como queira dentro das datas do concurso e sempre acorde coa temática do mesmo.

7. O xurado seleccionará un máximo de 10 imaxes, de entre as que se elixirán os tres primeiros premios. Un mesmo participante non poderá ter máis de 2 imaxes dentro da selección previa.

8. O xurado estará formado por membros do Comité de Dirección do Campus CREA.

9. O día 29/04/2022 a organización poñerase en contacto cos/as gañadores/as a través do correo electrónico facilitado no formulario de participación e publicando a lista de gañadores/as na web da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra. En caso de imposibilidade manifesta para contactar cos gañadores no prazo de 3 días hábiles, a organización quedará eximida de calquera responsabilidade e poderá elixir a outro/a gañador/a.

Premios

1.º Premio:

- Cheque por valor de 200€ para gastar en material formativo e educativo, que poderá usar nunha tenda de Pontevedra que se indicará oportunamente.
- Impresión da fotografía premiada en formato lenzo de 80 x 80 centímetros.

2.º Premio:

- Cheque por valor de 150€ para gastar en material formativo e educativo, que poderá usar nunha tenda de Pontevedra que se indicará oportunamente.
- Impresión da fotografía premiada en formato lenzo de 60 x 60 centímetros.

3.º Premio:

- Cheque por valor de 100€ para gastar en material formativo e educativo, que poderá usar nunha tenda de Pontevedra que se indicará oportunamente.
- Impresión da fotografía premiada en formato lenzo de 60 x 60 centímetros.

O premio non poderá ser trocado polo seu valor en metálico.

Protección de datos de carácter persoal

Os participantes aceptan, mediante a súa participación no concurso en Instagram, que os contidos e comentarios que vaian ser publicados nesta rede poidan ser compartidos co resto de usuarios de Instagram e outras redes sociais. A participación nun concurso desta natureza supón a aceptación das normas de Instagram.

Dereitos de imaxe

A participación no concurso supón dar o consentimento á Universidade de Vigo para utilizar as imaxes (con atribución de autoría) no material promocional relacionado coa presente campaña. As imaxes xeradas dentro do concurso poderán ser ligadas en Instagram coa mención aos seus autores a través dos medios de comunicación propios da Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo non usará con fins lucrativos ningunha das imaxes participantes.

Cada participante manifesta e responsabilízase de que ostenta os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material.

Responsabilidades

O mero feito de participar neste concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases. A Universidade de Vigo resérvase o dereito de rexeitar ou excluír da

participación no concurso a calquera participante que non reúna os requisitos descritos nas presentes bases en termos de participación ou incumpra as normas ou finalidade do concurso.

A Universidade de Vigo non se responsabiliza das posibles perdas de datos polo mal funcionamento de Instagram ou internet.

Ademais, a Universidade de Vigo exclúe calquera responsabilidade polos danos e prexuízos de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos contidos por parte dos usuarios, e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada no desenvolvemento do concurso.

Inscrición e bases

http://www.campuspontevedra.uvigo.es